

Máis dun cento de entidades ecoloxistas e sociais rexeitan a Axenda Mineira da Xunta por criminalizar a sociedade civil

- *Esixen á Xunta a retirada do documento porque vulnera os principios de neutralidade e obxectividade da administración, sendo absolutamente tendencioso*
- *Denuncian que a estratexia da Xunta fomenta o 'lawfare' contra as organizacións sociais e ampara unha campaña descarada de proselitismo e propaganda en centros educativos*

20 de decembro de 2023.- Máis de 100 entidades ecoloxistas, veciñais, sindicais, agrarias e do mar veñen de denunciar publicamente a "[Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia 2030](#)" que lanzou este mes a Xunta de Galicia. Censuran a visión totalmente tendenciosa do documento que criminaliza os colectivos que veñen sacando á luz as ilegalidades do sector mineiro. Para as entidades asinantes, a Axenda evidencia a captura total da Xunta polo lobby mineiro e desacredita a Administración ao vulnerar os principios de neutralidade e obxectividade, polo que esixen a súa retirada inmediata.

Ao longo do documento, noméase repetidamente o "*ecoloxismo radical*" e o "*forte activismo das asociacións ecoloxistas*" ou a "*utilización da minaría como arma en Galicia*" como "*ameaza*", mentres se critica a existencia dunha "*mobilización social promovida por grupos con intereses moi distintos aos intereses locais e do entorno*", en alusión aos colectivos sociais opostos a determinados proxectos ambientalmente nocivos. Se ben a Axenda indica que para a súa elaboración se mantiveron reunións e entrevistas con representantes de "*asociacións ambientalistas*", ningunha das entidades que veñen de censurar o documento participou.

Para os colectivos sociais, a adopción da Axenda Mineira pola Xunta é un ataque frontal ao estado de dereito, pois parte de que a participación social e a cidadanía ambiental activa son unha ameaza para a sociedade. Ao presentar como un problema serio os colectivos ecoloxistas, veciñais, agrarios e do mar que veñen denunciando as ilegalidades das empresas mineiras e da propia Xunta, preténdese claramente socavar a súa lexitimidade e apoio social criminalizándoos.

Pola contra, a Axenda omite o impacto ambiental que causan as mineiras, con ducias de expedientes sancionadores afectando tanto á minaría metálica en casos como os Touro, San Finx, Penouta ou Varilongo como a explotacións de lousa, minerais industriais, caliza ou áridos. Boa parte destas ilegalidades saen á luz e acaban por ser sancionadas precisamente pola denuncia de colectivos sociais, ante a pasividade e cumplicidade da Administración galega, que agora califica estes colectivos como unha grande "ameaza".

O lanzamento da Axenda e esta criminalización da oposición a determinados proxectos mineiros dase precisamente nun contexto no que tanto as empresas mineiras como o propio lobby veñen utilizando cada vez máis o '*lawfare*' e as accións estratéxicas contra a participación pública ("SLAPP", nas súas siglas en inglés) para tentar desmobilizar os colectivos sociais mediante o acoso xudicial. Os colectivos asinantes denuncian este tipo de prácticas utilizadas en casos como os da canteira de Cementos Cosmos en Triacastela, as minas de San Finx e Varilongo ou, recentemente, pola propia Cámara oficial Mineira.

Inxección de fondos públicos e promoción da enxeñaría social

A Axenda desprega un plan meticuloso para influir nas percepcións sociais da minaría, ocultando as súas negatividades e presentando unha imaxe irreal, centrándose sobre todo nas máis cativas. Así, contempla unha “*campaña divulgativa nos centros educativos*” e a promoción do lavado de cara verde a través do portal de propaganda “Minaría Sostible de Galicia” da Cámara Oficial Mineira. Con estas accións, que tamén inclúen o lanzamento dun “distintivo de sustentabilidade”, a Xunta pretende precisamente desarticular a oposición social procurando silencio fronte as ilegalidades do sector.

A estratexia tamén contempla unha inxección de fondos públicos sen precedentes ao lobby mineiro, encabezado pola Cámara Oficial Mineira, e que xa recibiu millóns de euros para accións de lavado de cara verde nos últimos anos. Desde os colectivos asinantes, demandan que, pola contra, estes fondos se dediquen a fortalecer a capacidade e profesionalidade dos distintos servizos de inspección e control do sector mineiro e á restauración das numerosas explotacións abandonadas que supoñen un risco para a saúde das persoas e dos ecosistemas.

Entidades asinantes:

1. A de Rousmeri
2. A Jalleira - Asociación forestal e de educación ambiental
3. A Quenlla
4. A Rente do Chan-PLADEVER
5. A Ría Non se Vende
6. Afectad@s pola Mina de San Acisclo en Muras
7. Amigas da Terra
8. Amigas das Árbores de Ourense
9. Arabías Soc. Cooperativa Galega
10. Asociación A Lama Vive
11. Asociación Alarma na Terra de Montes
12. Asociación Ambiental Contramínate
13. Asociación Ambiental e Cultural Tralapena
14. Asociación Amigas das Cegoñas
15. Asociación APEOM
16. Asociación Asemblea do Suído
17. Asociación Avoar
18. Asociación Axóuxere Editora
19. Asociación Cheiros NON
20. Asociación Cívico Cultural Terra de Outes
21. Asociación Cultural Canle de Lira
22. Asociación Cultural Bubela de Abuín
23. Asociación Cultural Charanga Tabernícolas do Leiradal
24. Asociación Cultural, Deportiva e Cultural Treze Catorze, de Salceda de Caselas
25. Asociación Cultural Fuco Buxán
26. Asociación Cultural Liceo Mutante
27. Asociación Cultural Lucerna
28. Asociación Cultural Vagalumes da Estrada
29. Asociación Cultural Unha Gran Burla Negra

30. Asociación de Afectados polas Canteiras de Budiño
31. Asociación de Amigos da Dorna Meca
32. Asociación de Crianza Respetuosa Xoaniñas
33. Asociación de Defensa Medioambiental Salvemos Monteferro
34. Asociación de Indignados de Gestoso
35. Asociación de Produtores de Mexillón da Pobra do Caramiñal
36. Asociación de Produtores de Mexillón de Vilaxoán
37. Asociación de Veciños San Vicente de Niveiro
38. Asociación Eco-social, Cultural e Medioambiental Boca de Sapo
39. Asociación Ecoloxista Arco Iris
40. Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia
41. Asociación Fixing
42. Asociación Galega de Consumidores e Usuarios ACOUGA
43. Asociación Medioambiental e Cultural A Pedra que Fala
44. Asociación Nove Refachos
45. Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
46. Asociación pola defensa da Ría de Pontevedra (APDR)
47. Asociación Ridimoas
48. Asociación Sachos á Rúa
49. Asociación Touda
50. Asociación Turístico Comarcal Ría de Muros e Noia
51. Asociación Veciñal de Lentille
52. Asociación Veciñal Grixoa de Esternande-Minas de Varilongo
53. Asociación Verdegaiá
54. Asociación Véspera de Nada por unha Galiza sen petróleo
55. Ateneo Libertario Pontevedra
56. BerXallas Minaría Destrutiva Non
57. Brexa, Asociación de Custodia do Territorio
58. Biblioteca Maravilhas
59. Central Unitaria de Traballadoras - CUT Galiza
60. Centro de Saberes para a Sustentabilidade
61. Centro Social A Gentalha do Pichel
62. Centro Social A Pedreira
63. Centro Social Mádía Leva
64. Centro Social Fuscalho
65. Colectivo Agrocuir da Ulloa
66. Colectivo Arrotada
67. Colectivo ArteLixo
68. Colectivo Berro Seco na Defensa dos Dereitos e Liberdades
69. Colectivo Capitán Gosende
70. Colectivo O Suído
71. Comisión contra as Minas na Terra Chá
72. Confederación Nacional do Traballo - CNT Galiza
73. Confraría de Pescadores de Noia
74. Confraría de Pescadores de Portosín
75. Cornado Mina Non
76. Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
77. CSA Casa Colorida
78. Ecoloxistas en Acción
79. Federación Ecoloxista Galega
80. Federación Rural Galega (FRUGA)
81. Fridays for Future Santiago

82. Fundação Montescola
83. Greenpeace
84. Instituto Resiliencia
85. Movemento Galego polo Clima
86. Naturgalicia
87. Organización Galega de Comunidades de Montes
88. Plademar Muros-Noia
89. Plataforma anti-minas de Mesía
90. Plataforma Casalonga limpa de residuos
91. Plataforma comarcal contra as verteduras da mina de San Fins
92. Plataforma de Afectados polo Vertedoiro de Miramontes-Santiago
93. Plataforma de Defensa do Sur da Dorsal Galega
94. Plataforma en Defensa da Ría de Arousa (PDRA)
95. Plataforma Galega para a Defensa Animal e da Natureza
96. Plataforma Oro No
97. Plataforma pola Defensa do Monte Neme
98. Plataforma pola Convivencia Ética coa Fauna Silvestre
99. Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro
100. Plataforma pola Recuperación do Sar
101. Plataforma Quixote de Outes
102. Plataforma SOS Suído-Seixo / Minas Albertas Non
103. Plataforma Turonio pola Defensa do Territorio
104. Plataforma Veciñal Mina Touro - O Pino Non
105. Plataforma Veciñal Si a un Rural Vivo
106. Rompafilas Coletivo Antimilitarista
107. Rede para o Decrecemento Eo-Navia Galiza O Bierzo
108. Salvemos a Comarca de Ordes
109. Sindicato Labrego Galego - Comisións Labregas
110. Sinha PACA Plataforma de Activistas Culturais e Artistas
111. Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)
112. Sociedade Histórica e Cultural Coluna Sanfins
113. SOS Encrobas
114. Tarabelada Asociación Medioambiental e Cultural
115. The Foundry
116. Zuleiro Grupo de Consumo